

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	Curso 1º BAC
INGLÉS	Ano académico 2022-2023

### AVALIACIÓN

Realizaranse 3 probas xerais por avaliación: unha de comprensión oral (*listening*); outra de comprensión e expresión escrita (*reading&writing*); outra só na 1ª e 2ª avaliación acerca dun libro de lectura adaptado ao seu nivel e finalmente unha exposición oral (*presentation*), na que se avalía a expresión oral (*speaking*). Trataremos de levar a cabo varias mini-probas dentro de cada apartado para poder valorar ao alumnado de modo continuado e así contar con máis probas obxectivas que realizan presencialmente, onde deben amosar o seu traballo e esforzo diario.

### Criterios de cualificación

#### AVALIACIÓNS 1ª e 2ª

1. Traballo na casa, na clase, actitude (participación, interese, esforzo, e uso axeitado do material propio) : 10%\* = (4%+4%+2%)
2. Probas de *Use of English* (*grammar, vocabulary, text, composition*): 50%
3. Probas de *Listening*: 20%
4. Probas do libro de lectura ( *Reading*), unha delas será escrita de comprensión e expresión e a outra consistirá nunha presentación utilizando a ferramenta de *Open Office Impress* : 10%+ 10%

\*Para acadar este 10%, o alumno deberá traer sempre as tarefas encomendadas para realizar na casa (4%), descontarase 0.1 puntos ata un máximo de 0.4 por cada vez que nos as realice ; deberá entregar todas as redaccións e/ou traballos que se lle pidan polos que acadará unha nota, que puntuará un 4% do total deste apartado, e finalmente o 2% restante será adicado á actitude,(precísase máis arriba en que consiste), se se produce unha incidencia negativa neste subapartado descontarase un 0.1 ata un máximo de 0.2.

\*\* Na 3ª avaliación, non se esixirá un libro de lectura e o alumnado terá que realizar unha presentación oral elixindo como tema algúns dos propostos no libro de texto ou outros suxeridos polo alumno ou profesora. Esta presentación terá un valor do 20%, a proba de *Use of English* 50%, e os outros apartados (traballo en clase, casa etc e *Listening*) quedarán do mesmo xeito.

A avaliación é continua, polo que non haberá exames de recuperación. A 2ª e 3ª avaliacións incluírán contidos das anteriores. É necesario aprobar o 3º trimestre para aprobar a asignatura ó remate de curso. Non obstante, para beneficiar aos alumnos, o cálculo da nota final será do seguinte xeito:

- a. A nota do 3º trimestre sempre que ésta sexa igual ou superior aos dous trimestres anteriores.
- b. Se fose inferior, a nota final será a media ponderada das tres avaliacións, que se calculará multiplicando a nota da 1ª avaliación x 1, a da 2ª x 2 e a da 3ª x 3, obtendo a continuación a media aritmética dividindo a suma destes produtos entre 6.

#### -.- Criterios de cualificación- Convocatoria extraordinaria

O alumnado que non superase a materia en xuño na convocatoria ordinaria, poderá facelo na proba extraordinaria, a cal consistirá nun exame escrito que inclúa: un texto con preguntas de comprensión acerca do mesmo; preguntas de vocabulario; preguntas dos libros de lectura; exercicios de gramática e unha composición axeitada ao seu nivel. A nota acadada polo alumno será exclusivamente a obtida nesta proba escrita, **non aplicándose os criterios de cualificación da convocatoria ordinaria.**